



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2023-13

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA

13 de Xullo de 2023

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

09:39

Hora de Finalización

09:47

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

LUCIA GIL CID

MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 22.06.2023 (ACTA 2023/12)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. DETERMINACION DO PERIODO VOLUNTARIO DE COBRANZA 2023 DO IMPOSTO DE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA; DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONOMICAS; DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATURALEZA URBANA, RUSTICA E DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS; E DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Determinar que entre o día **1 de agosto e o 1 de outubro de 2023**, ambos incluídos, queda aberto neste Concello o período voluntario de cobranza de tributos que seguidamente se detallan:

Conceptos tributarios do exercicio de **2023** a cobrar:

- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (**IVTM**)
- Imposto de actividades económicas, (**IAE**, cotas municipais e provinciais)
- **IBI** de natureza **Urbana**.
- **IBI** de natureza **Rústica**.
- **IBI** de características **especiáis**.
- **Taxa** pola recollida de **lixo**.

SEGUNDO: Que o cobramento farase de acordo có seguinte:





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Datas e lugares de cobro.

Na Casa do Concello de Castrelo do Val, no horario de 9.30 ás 13.30 horas, os días **13 e 14 de setembro**.

O resto dos días do período de cobranza, do 1 de agosto ata o 1 de outubro é de luns a venres, **excepto o 13 e 14 setembro**, nas oficinas do Servizo de Recadación da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, en horario de 9.00 a 14.00 horas (están situadas as oficinas do Servizo de Recadación na rúa do Castro, 4. baixo dereita, Verín).

Con carácter xeral, pódese utilizar como forma de pagamento a domiciliación bancaria.

As débedas tributarias non satisfeitas no período voluntario de cobranza que queda fixado do **01/08/2023 ó 01/10/2023** ámbos incluídos, serán esixidos polo procedemento de constrinximento coa porcentaxe de recarga que proceda en cada caso sobre o importe, xuros de mora e, de selo caso, as custas que poidan producirse.

TERCEIRO. De conformidade co disposto no artigo 68 do Regulamento xeral de recadación aprobado polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, publíquese o presente acordo mediante inserción do correspondente edicto no BOP de Ourense, tablón de edictos do Concello, sede electrónica e anuncios nos lugares habituais.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

